



**ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DE POLIZAS DE SEGUROS DE "EDIFICIOS MUNICIPAIS", "RESPONSABILIDADE CIVIL" E "EDIFICIO AREA PANORÁMICA".**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás nove horas e trinta minutos do día 19 de maio de 2014, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello Dª Irene Suárez López, o arquitecto municipal D. Javier Antoñón Clemente e o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria Dª María Jesús Blanco Martínez.

Con data 6 de maio de 2014 a Mesa de Contratación procedeu, en acto público, á apertura da única proposta económica presentada pola compañía "MAPRE SEGUROS DE EMPRESAS, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.", que ofrece un prezo total de 19.491,35€ polas tres pólizas de seguros, co seguinte desglose:

- Total póliza edificios: 8.312,50€.
- Total póliza RC: 8.900,00€
- Total póliza Area Panorámica: 2.278,85€.

Pola Mesa de Contratación se indica que a oferta económica presentada pode ser desproporcionada ou anormal, de conformidade co prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, cláusula 12, así como o contemplado no artigo 152.3 do TRLCSP, e se acorda solicitar á referida empresa xustificación da viabilidade da proposta económica, outorgando un prazo de cinco días hábiles aos citados efectos.

Con data 12/05/2014 se presenta pola empresa licitante documentación relativa a xustificación de viabilidade de proposta económica.

Se procede neste acto á apertura do sobre da documentación xustificativa presentada por "MAPRE SEGUROS DE EMPRESAS, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.". Á vista das aclaracións indicadas pola empresa, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

1º.- Admitir a proposta económica presentada pola compañía de seguros "MAPRE SEGUROS DE EMPRESAS, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.", que ofrece un prezo total de contrato de 19.491,35€, impostos incluídos, co seguinte desglose:

- Total póliza edificios: 8.312,50€.
- Total póliza RC: 8.900,00€
- Total póliza Area Panorámica: 2.278,85€.

2º.- **Propoñer á empresa "MAPRE SEGUROS DE EMPRESAS, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A."**, CIF A28725331, con enderezo social en Carretera de Pozuelo, nº 52, 28222 Majadahonda (Madrid) e a efectos de notificacións en rúa Cristino Alvarez, nº 1, 15008 A Coruña, como adxudicataria do contrato, por ser a única proposta e, por tanto, máis vantaxosa, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo de declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Mª Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

O ARQUITECTO MUNICIPAL

Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez

.Asdo: Javier Antoñon Clemente.